



POR NATALIA JARDÓN PÉREZ

## Lingua galega, lingua de Asturias

### Lingua galega, lingua de Asturias

Os que estudasen a nosa fala en profundidá saberán que reúne as propiedades distintivas del idioma galego, presentes desde Fisterra al río Navia, e serán conscientes da relevancia histórica dos textos del mosteiro de Vilanova de Ozcos prá filoloxía galega. Esta realidade evidente e digna, que debería ser transmitida á sociedade, e defendida cúa firme e inquebrantable determinación ante as institucións, é ocultada en favor dúa mentira: a fraude da “fala eonaviega”.

Nel último informe estatal sobre llinguas rexionales e minoritarias (2021), fálase de “eonaviego” como variante propia, minoritaria e local, frente al asturiano, que se presenta como a “lingua del Principado”. A esta variedá, que evitan chamar galego para así arrebatarlle a dignidá idiomática que en xustiza correspóndelle, asígnaselle úa norma escrita asturianizante con yes e apóstrofos, úa barbaridá filolóxica que facilita a asimilación á norma asturleonese e con ela úa futura imposición del asturiano en toda Asturias.

Lo que descaradamente se nos inculca a nivel institucional e mediático obedece á premisa de “un poble (el asturiano), úa lingua (a asturiana)”, ignorando a realidade dos asturianos galegofalantes, moitos dos cuales residen fóra del Eo-Navia.

Porque a lingua galega, mal que lles pese a moitos, é tamén lingua de Asturias: invisibilizada na esfera pública, vive nos que la falan, de Castropol a Llaranes, de Santalla á Calzada, de Boal á Corredoria. Vive nos que la pensan, dentro e fóra del Eo-Navia, asediada por aqueles/as que se propoñen aniquilala en favor dúa suposta “fala eonaviega”, ún fraude, a nada. Un asedio que dispón de colaboradores necesarios, os cuales, guiados polo dogmatismo, el afán de recoñecemento, ou a mera desidia intelectual, condenan al noso galego á irrelevancia: néganlle el sou nome, a súa identidade, as súas raíces e el sou legado histórico.

Os autoproclamados “defensores da nosa fala”, inmunes ás esixencias que marca el rigor intelectual e liberados del peso da súa propia conciencia, continúan prestando un apoio servil á política de exterminio amable da lingua galega en Asturias. A cambio de que, pregúntome ?

A elos/as diríxome pra lembrarlles que el poder cambia, pero a verdade permanece.

Fonte: <https://axuntar.eu/colleita-de-opiniois-lengua-gallega-lengua-de-asturias/>